

# PENSA EN CIRCULAR

# XESTIÓN DE

# BIORRESIDUOS

#GaliciaSostible

**Martes, 26 de marzo de 2019**

AUDITORIO ABANCA. RÚA PREGUNTOIRO, 23  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Estimado Sr/Sra,

Seguindo as directrices do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2022), dende a **Xunta de Galicia** estase a impulsar a execución de distintas actuacións para axudar ás Entidades Locais a mellorar a xestión dos residuos municipais e, máis concretamente, da fracción orgánica.

Dado o interese do tema, temos o pracer de invitalo á **XORNADA SOBRE XESTIÓN DE RESIDUOS** que terá lugar o vindeiro **martes, 26 de marzo** de 2019, ás 10 horas, no **Auditorio Abanca**, en **Santiago de Compostela** (Rúa Preguntoiro, 23).

Durante a Xornada, darase conta da separación e xestión dos biorresiduos así como a prevención do desperdicio alimentario e que poden ser de interese para os representantes locais, técnicos de residuos e xestores.

Agardamos contar coa súa asistencia.

**Prégase confirmación de asistencia** e inscrición a través da ligazón: **FORMULARIO**, antes do venres **22 de marzo de 2019**.

# PENSA EN CIRCULAR

# XESTIÓN DE

# BIORRESIDUOS

**Martes, 26 de marzo de 2019**

AUDITORIO ABANCA. RÚA PREGUNTOIRO, 23

SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **BLOQUE 1**

### **MARCO INSTITUCIONAL DA XESTIÓN**

Participarán diferentes responsables da administración pública e institucións privadas, no que se exporán as políticas estatais e autonómicas en materia de residuos, informando dos obxectivos e retos a afrontar e aportando os criterios para acadalos, conforme ao disposto nas directrices europeas e baixo o paraugas da economía circular.

## **BLOQUE 2**

### **MODELOS EXITOSOS A ESCALA LOCAL**

Contaremos con responsables de empresas e organismos públicos que traballan a nivel local para aprender das experiencias e proxectos que, en distintas fases de desenvolvemento, xa se están a levar adiante en diferentes territorios, condicionados por características e necesidades específicas e vencellados á realidade local.

## **BLOQUE 3**

### **A XESTIÓN DO DESPERDICIO ALIMENTARIO**

Neste bloque escoitaremos as voces de profesionais do mundo da hostalaría, do desenvolvemento de solucións tecnolóxicas ou do marketing empresarial, que partillarán a súa experiencia na divulgación e implementación de campañas ou iniciativas para a redución e reaproveitamento do desperdicio alimentario, dende unha óptica integradora e focalizada na economía circular.